

FUNCIONAMENTO PROVISIONAL COMEDOR

CEIP VICTOR LOPEZ SEOANE.

O presente documento ven a completar a guía de funcionamento do servizo de madrugadores e comedor do CEIP Victor Lopez Soane debido á actual situación social e sanitaria xenerada dende a irrupción do COVID19.

Calquera norma da GUIA DE CONVIVENCIA ou da GUIA DE FUNCIONAMENTO deste servizo veranse sometidas aos PROTOCOLOS VIXENTES en cada momento para o uso de este servizo establecidos pola autoridades ou a empresa.

A directiva ANPA FARO comprométese a supervisar estes protocolos así como o benestar dos nenos e nenas durante a vixencia dos mesmos, e tratará de velar pola súa seguridade e benestar.

Tratarase de garantir polo tanto as medidas de distanciamento, hixiene e seguridade de ditos protocolos.

COMO MEDIDA PUNTUAL DE ENTRETENEMENTO PARA USUARIAS/OS DE MADRUGADORES PODERAN TER UN OBJETO OU XOGUETE DE DIMENSIONS PEQUENAS PARA ESTE MOMENTO DE AGARDA NO QUE DEBEN RESPETAR O DISTANCIAMENTO QUE MARCAN OS PROTOCOLOS, E QUE SERA DE USO PERSOANAL, E SÓ NESA FRANXA, NON ASI DURANTE O SERVIZO DE MEDIODIA.

OUTRA MEDIDA QUE CAMBIA É A DE NON LEVAR ATA NOVO AVISO A BOLSA DE ASEO PARA LAVADO DE DENTES, XA QUE DEDBIDO Á ACTUAL SITUACIÓN VEN PROHIBIDO NOS PROTOCOLOS (SENTIMOS MOITO ESTA MOLESTIA.)

A situación de prazas é a seguinte; unha vez colocado o mobiliario para manter a separación coas medidas que di o protocolo da Xunta, temos o seguinte aforo:

-22 prazas para primaria

-16 prazas para infantil

Nos últimos anos, xa viñamos realizando dúas quendas para xantar, mais este ano ante tal redución de prazas, vimos necesario ter unha terceira quenda.

Tendo que reorganizar os horarios das clases para facilitar esta nova quenda co menor impacto nos pequenos e pequenas.

Isto quere dicir que sumando prazas de infantil e primaria nas tres quendas temos un total de 114 prazas.

PROCEDEMENTO DE INSCRIPCIÓN NO COMEDOR:

Período de inscrición:

Cada ano abrírase o período de inscrición entre os meses de Maio e Xuño, previo aviso.

Dónde inscribirse:

Na páxina web de Jardanay hai un espazo adicado ao centro Víctor López Seoane no que entraremos para calquera xestión, altas, baixas ou modificación.

www.jardanay.es

CRITERIOS DE ACESO A COMEDOR (POR ORDE)

1. Estar ao día de pagos coa ANPA e con Jardanay para que a inscrición sexa válida
2. Necesidade de conciliación: que ambos titores traballen en horario que imposibilite a atención ao mediodía aos nenos e/ou nenas ou un no caso de familias monoparentais. Marcarase unha casa na inscrición online cunha declaración responsable e a ANPA poderá requirir os certificados correspondentes de ser necesario.
3. **Letras de prioridade no procedemento de admisión ao curso 2020-21 sorteadas pola Xunta de Galicia e publicadas na Resolución do 26 de febreiro de 2020 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos: "As letras de prioridade que afectan ao primeiro apelido son as letras " T" e " G"; así mesmo, afectan ao segundo apelido as letras "E" e "X".**

Este punto variara cada ano e seguirá o mesmo criterio de sorteo de letra, o marcado pola X.G.

Por todo o anterior exposto, vémonos tamén na obriga de non ofertar durante este curso o servizo de uso do comedor de **esporádicos**, xa que non haberá espazo físico para este servizo.

Jardanay e a ANPA para minimizar o impacto que poda ocasionar a perda da figura de esporádicos ofrecerá o novo servizo de **Jardanay en casa** (un menú para levar) de este xeito as familias que se encontren en unha franxa horaria que lle poda resolver dita modalidade atoparán unha solución en esta modalidade.

HORARIOS DE COMEDOR ATA NOVA COMUNICACIÓN:

MADRUGADORES:

Comezo: 7:30

Peche almorzos :8:30

Peche de admisión ao centro: 8:40

XANTAR:

QUENDA 1: 13:10-13:50 (INFANTIL)

QUENDA 2: 14:05-14:40 (1º 2º 4º PRIMARIA)

QUENDA 3: 14:50-15:20 (3º 5º 6º PRIMARIA)

DESCANSO E LECER: varia segundo quenda correspondente

RECOLLIDAS: 3:30/ 3:40 infantil

3:40/ 3:50 primaria